



Para concienciar a comunidade educativa da importancia da sostenibilidade do mar desde unha perspectiva de xénero e reflexionar sobre as diferenzas entre homes e mulleres neste ámbito, convidámossos a participar nas seguintes actividades:

### Traballo de investigación

Descubre o importante papel xogado desde sempre polas mulleres na conservación dos océanos e na explotación sostible dos recursos mariños. Realiza unha busca de información, obxectos ou fotografías relacionadas co traballo das mulleres do mar en xeral e do ma de Baiona, en particular. Tamén podes realizar entrevistas, escribilas ou gravalas.

Todos os formatos e as achegas son benvidos e pódesslos entregar á túa titora ata o 5 de novembro.

### Experiencias de mulleres do mar

Queremos poñerlle rostro ás mulleres de Baiona que traballaron e traballan en diferentes sectores vinculados co mar. Hai ou houbo algunha mariscadora, mariñeira, redeira, percebeira, mergulladora, investigadora de ciencias do ma etc. na túa familia ou no teu círculo de amizades? Convidámolas a achegarse ás aulas para contalle ao alumnado as súas experiencias laborais e afectivas vinculadas ao mar, a describir o seu traballo e a contar anécdotas e posibles desigualdades vividas polo feito de seren mulleres.

Poden participar tanto mulleres en activo como xubiladas. Agardámossos ata o 24 de novembro!

Alumno/a:.....

Curso: .....

Persoa convidada:.....

Vinculación co alumno/a: .....

Que queres contar?.....

.....

Cando podes vir?.....

Número de teléfono para chamarte :.....

SUBVENCIONAN



ORGANIZA



COLABORAN

